

DESISTENCIA (RENUNCIA) DUN PRÉSTAMO OU CRÉDITO

Que é desistir (renunciar) dun préstamo ou crédito?

Significa que renuncias ao préstamo ou crédito e decides non seguir co contrato.

Podes facelo dentro dos primeiros 14 días desde que asinaches o contrato.

Non importa se che deron unha tarxeta de crédito, podes desistir de todos os xeitos.

Que teño que facer para desistir (renunciar) do préstamo ou crédito?

Para desistir do préstamo ou crédito, é dicir, renunciar a el, non tes que dar explicacións. Só tes que devolver o diñeiro que che prestaron e os xuros que se xeraron mentres teñas o préstamo ou crédito.

Normalmente, tes 30 días para devolver o diñeiro e os xuros. Os 30 días empezan a contar o día que avisas o banco ou a entidade financeira por escrito de que queres desistir do teu préstamo.

Como aviso o banco ou a entidade financeira?

Podes informar o banco ou a entidade financeira de que queres desistir do préstamo ou crédito, por correo electrónico, correo postal ou teléfono.

Que pasará despois?

Cando desistas do contrato:

- O préstamo ou crédito cancelarase.
- Se tes unha tarxeta asociada, terás que devolvela e non poderás usala máis.
- Tes que devolver o diñeiro que che prestaron e os xuros que se xeraron mentres tiveses o préstamo ou crédito.

Debes ter en conta o seguinte:

Desistir do préstamo ou crédito non significa que canceles a compra que fixeches.

Se pediches o préstamo ou crédito para comprar algo concreto, terás que informarte das normas que aplican á compra no lugar onde o compraches.